



Comparte o galego!!

ONDE ESTÁN AS PALABRAS DE LAURA?

Esta é a historia de Laura,
que un día perdeu as palabras.

Coméralle a lingua o gato?
Roubáranllas nun pesadelo?
Era aquilo un gran misterio!

Laura botouse a chorar
porque non podía falar

Daquela saíu ao camiño
buscar as palabras
e atopou un paxariño...
Púxose a escoitar...

Mais cando quixo falar
Laura dixo Pío, pío.

Nun río atopou unha ra
Que lle aprende a cantar.

Mais cando quixo falar
Laura dixo Croá, croá.

Nun barco marchou moi lonxe
e chegou ao Polo Norte
e atopou un esquimó
que lle aprende a falar como aló.

Mais cando voltou á súa casa
e botou a falar:
-Pingüirilus, pingüirilus...
E a xente preguntoulle Que dis?

Despois viaxou a China,
a Australia, a Singapur
e a Oklahoma...
E aprendeu moitos idiomas...

Cando voltou á súa casa
Ninguén a entendeu
porque non falaba a lingua de seu.

Sabía falar como os paxaros
como as ras e os esquimós,
como en China, como en Niza...
mais aínda non atopara
as palabras da Galiza

Ollou no armario
e na lavadora
entre os libros e no buzón
debaixo da cama e no balcón...

E dentro dun espello
descubriu con grande emoción
que as palabras estaban...

... no cuarto da súa avoa